



PDR 2014_2020 DE GALICIA

PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

Medida 16 Cooperación

Submedida 16.5

Apoio para accións conxuntas realizadas con vistas á mitigación ou a adaptación ao cambio climático e para enfoques conxuntos con respecto a proxectos medioambientais e prácticas medioambientais en curso



Índice

1.	<u>Medida 16. Cooperación</u>	3
1.1.	<u>Submedida 16.5 Apoio para accións conxuntas realizadas con vistas á mitigación ou a adaptación ao cambio climático e para enfoques conxuntos con respecto a proxectos medioambientais e prácticas medioambientais en curso</u>	4
1.1.1.	<u>Que tipo de actuacións se financian?</u>	4
1.1.2.	<u>Quen pode solicitar esta axuda?</u>	4
1.1.3.	<u>Como se outorga a axuda?</u>	4
1.1.4.	<u>Que tipo de gastos se financian?</u>	5
1.1.5.	<u>Que requisitos se han de cumprir para recibir a axuda?</u>	5
1.1.6.	<u>Que criterios serán utilizados para a selección?</u>	5
1.1.7.	<u>A canto ascende esta axuda?</u>	6
1.1.8.	<u>Quen xestiona esta axuda?</u>	7
1.1.9.	<u>Marco normativo</u>	7
1.1.10.	<u>Documentos e ligazóns relacionados</u>	7

1. Medida 16. Cooperación

Para este período 2014-2020 a Unión Europea aposta pola innovación nos proxectos, produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías que afectan ao sector agrario, forestal e agroalimentario. É por iso, que no Programa de Desenvolvemento Rural se trata a cooperación como un elemento transversal e se orienta principalmente á innovación. A medida de cooperación componse dun conxunto de 7 axudas que fomentan o traballo en conxunto co fin de incluír melloras nos sectores agrario, forestal e agroalimentario galegos.

Dado que a cooperación se entende como unha medida transversal ao conxunto de actuacións recollidas no Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020, fórmulanse dúas liñas de traballo, por unha banda, as axudas referidas ao desenvolvemento de proxectos piloto e novos produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías nos sectores agrícola, forestal e cadea alimentaria. E polo outro, as axudas destinadas a fomentar a cooperación como eixo condutor do cumprimento das prioridades de desenvolvemento rural.

Para iso, artículanse as seguintes submedidas:

- ✓ Submedida 16.1 Apoio para a creación e o funcionamento de grupos operativos da EIP en materia de produtividade e sustentabilidade agrícolas
 - Operación 16.1.1: Axudas á creación de grupos operativos da AEI
 - Operación 16.1.2: Axuda para a execución de proxectos dos grupos operativos da AEI
- ✓ Submedida 16.2 Axudas para proxectos piloto e desenvolvemento de novos produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías
- ✓ Submedida 16.3 Cooperación entre pequenos operadores para organizar procesos de traballo conxunto e compartir instalacións e recursos, así como para o desenvolvemento / a comercialización do turismo
- ✓ Submedida 16.4 Apoio para a cooperación horizontal e vertical entre os axentes da cadea de subministración para a creación e o desenvolvemento de cadeas de distribución curtas e mercados locais e para actividades de promoción nun contexto local relacionado co desenvolvemento de cadeas de distribución curtas e mercados locais
- ✓ Submedida 16.5 Apoio para accións conxuntas realizadas con vistas á mitigación ou a adaptación ao cambio climático e para enfoques conxuntos con respecto a proxectos medioambientais e prácticas medioambientais en curso
- ✓ Submedida 16.8 Apoio para a elaboración de plans de xestión forestal ou instrumentos equivalentes

1.1. Submedida 16.5 Apoio para accións conxuntas realizadas con vistas á mitigación ou a adaptación ao cambio climático e para enfoques conxuntos con respecto a proxectos medioambientais e prácticas medioambientais en curso

A conservación da biodiversidade e dun medio ambiente saudable é fundamental para o mantemento tamén da actividade agraria de calidade, así como para outros sectores importantes para o medio rural como pode ser o turístico.

1.1.1 Que tipo de actuacións se financian?

A submedida financia os custos directos derivados da implantación de iniciativas de cooperación para o aproveitamento sustentable do territorio, conservación da biodiversidade, valorización do patrimonio natural e loita contra o cambio climático no ámbito rural. As iniciativas deberán ser coherentes coas disposicións medio ambientais da Administración autonómica e das entidades locais onde se desenvolven. Esta submedida incidirá sobre os seguintes aspectos:

- ✓ Utilización eficiente dos recursos
- ✓ Produción sostible de alimentos
- ✓ Protección do medioambiente

Os factores para ter en conta poderán ser moi diversos: aforro de auga e enerxía, utilización de enerxías renovables, produción de biomasa, captura de carbono, valorización de subprodutos, técnicas de agricultura sustentables, uso eficiente de abonos, pesticidas ou produtos fitosanitarios, conservación e mellora do solo,...

1.1.2 Quen pode solicitar esta axuda?

Os beneficiarios serán aquelas asociacións creadas entre titulares de superficies, microempresas de ámbito local e outras entidades, públicas ou privadas, con ou sen ánimo de lucro, que se asocian para a realización conxunta dun proxecto de aproveitamento sustentable dun terreo privado.

1.1.3 Como se outorga a axuda?

Trátase dunha subvención convocada en réxime de concorrencia competitiva.

1.1.4 Que tipo de gastos se financian?

Serán gastos subvencionables os correspondentes a:

- ✓ Estudos xerais, estudos de viabilidade e elaboración do proxecto
- ✓ Actividades de dinamización, impulso e animación nas zonas onde se vaia a desenvolver o proxecto ao obxecto de facelo viable.
- ✓ Custos de funcionamento das actividades de cooperación.
- ✓ Custos directos de proxectos específicos vinculados á execución dun plan empresarial.

1.1.5 Que requisitos se han de cumprir para recibir a axuda?

Deberá presentarse un proxecto no que se describan, polo menos, os seguintes puntos:

- ✓ Situación de partida
- ✓ Relación de persoas físicas e xurídicas participantes e, de ser o caso, CV das mesmas
- ✓ Obxectivos perseguidos, xustificación, impacto e relevancia dos mesmos
- ✓ Fases do proxecto e cronograma
- ✓ Metodoloxía a aplicar e novidade da mesma
- ✓ Plan de divulgación
- ✓ Orzamento desagregado

1.1.6 Que criterios serán utilizados para a selección?

Aplicaranse criterios de selección de maneira obrigatoria, mesmo nos casos en que o orzamento da convocatoria sexa superior á demanda de financiamento. Os criterios de selección deberán estar claramente definidos antes do inicio do proceso de solicitude para garantir a igualdade de trato de todos os posibles solicitantes. En xeral, para cada criterio de selección outórganse puntos e a puntuación total da aplicación debe ser a suma dos puntos de todos os criterios de selección que se satisfagan.

En particular, poderán aplicarse os seguintes criterios:

- ✓ Número de anos polos que se cede o terreo para uso público
- ✓ Número de explotacións participantes
- ✓ Cooperación multidisciplinar e complementariedade da mesma
- ✓ Creación e mantemento do emprego
- ✓ Fomento da actividade laboral de mulleres ou novas
- ✓ Situación territorial dos axentes asociados
- ✓ Participación de Centros Tecnolóxicos, de I+D+i ou de Universidades



- ✓ Relevancia dos resultados esperados e impacto dos mesmos
- ✓ Contribución ao desenvolvemento sustentable, produtividade, incremento da competitividade e loita contra o cambio climático
- ✓ Claridade e concreción do proxecto
- ✓ Innovación e viabilidade do mesmo
- ✓ Coherencia do orzamento presentado cos obxectivos propostos

1.1.7 A canto ascende esta axuda?

A axuda poderá ser de ata o 100% dos gastos elixibles, cun máximo de 200.000 €. Os proxectos serán avaliados baixo os criterios de selección establecidos na correspondente convocatoria. Valoraranse os proxectos e ordenaranse de maior a menor puntuación. Obterá o 100% dos custos subvencionables quen obteña a maior puntuación. O resto de proxectos ordenaranse da seguinte forma:

- ✓ Outorgarase o 90% da axuda aos proxectos que obtivesen entre 1 e 6 puntos menos, ambos inclusive
- ✓ Outorgarase o 80% da axuda aos proxectos que obtivesen entre 7 e 12 puntos menos, ambos inclusive
- ✓ Outorgarase o 70% da axuda aos proxectos que obtivesen entre 13 e 18 puntos menos, ambos inclusive
- ✓ Outorgarase o 60% da axuda aos proxectos que obtivesen entre 19 e 24 puntos menos, ambos inclusive
- ✓ Outorgarase o 50% da axuda aos proxectos que obtivesen entre 25 e 30 puntos menos, ambos inclusive
- ✓ Outorgarase o 40% da axuda aos proxectos que obtivesen entre 31 e 36 puntos menos, ambos inclusive
- ✓ Outorgarase o 30% da axuda aos proxectos que obtivesen entre 37 e 42 puntos menos, ambos inclusive
- ✓ Outorgarase o 20% da axuda aos proxectos que obtivesen entre 43 e 48 puntos menos, ambos inclusive
- ✓ Outorgarase o 10% da axuda aos proxectos que obtivesen entre 49 e 54 puntos menos, ambos inclusive
- ✓ Outorgarase o 5% da axuda aos proxectos que obtivesen entre 55 e 60 puntos menos, ambos inclusive



O máximo da axuda previsto de 200.000 € refírese ao proxecto, independentemente da súa duración; podendo, un mesmo beneficiario, obter axudas simultáneas para máis dun proxecto.

1.1.8 Quen xestiona esta axuda?

Esta axuda está xestionada pola Subdirección de Planificación e Dinamización do Medio Rural da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader).

1.1.9 Marco normativo

- ✓ Regulamento (UE) N° 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns ao FEDER, FSE, Fondo de Cohesión, Feader e FEMP
- ✓ Regulamento (UE) N° 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader)
- ✓ Regulamento (UE) N° 1407/2013, da Comisión, do 18 de decembro de 2013 relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do TFUE ás axudas de minimis (DOUE L 352, de 24/12/2013)
- ✓ Regulamento Delegado (UE) N° 807/2014 da Comisión, do 11 de marzo de 2014, que completa o Regulamento (UE) N° 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e introduce disposicións transitorias
- ✓ Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- ✓ Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia
- ✓ Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico

1.1.10 Documentos e ligazóns relacionados

- ✓ Axencia Galega para o Desenvolvemento Rural (Agader)
<http://agader.xunta.gal>
- ✓ Para obter máis información, consulte a sección 8.2.13.3.6 do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020